

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
CURSO 2022 - 2023  
Debuxo Técnico**

**IES Fernando Esquíó - Neda (A Coruña)  
DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS**

## ÍNDICE

### **1. Introducción e contextualización**

#### 1.1 XUSTIFICACIÓN

#### 1.2. CONTEXTUALIZACION

##### 1.2.1. PROFESORES QUE IMPARTEN AS MATERIAS DA ÁREA

##### 1.2.2. CARACTERÍSTICAS DOS GRUPOS E DO CENTRO TRABALLO

##### 1.2.3. PLANIFICACIÓN HORARIA DA MATERIA

##### 1.2.4. PANORAMA LEXISLATIVO

### **2. Competencias clave: contribución ao seu desenvolvemento**

#### 2.1. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

#### 2.2. AS COMPETENCIAS CLAVE NAS UNIDADES DIDÁCTICAS

#### 2.3. COMPETENCIAS CLAVE

#### 2.4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

### **3. Obxectivos**

### **4. Procedementos e instrumentos de avaliación, temporalización, nivel de logro dos estándares de aprendizaxe e metodoloxía**

#### 4.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

#### 4.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

#### 4.3. TEMPORALIZACIÓN

#### 4.4. NIVEL DE LOGRO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

#### 4.5. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XERAIS

#### 4.6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

#### 4.7. SECUENCIACIÓN DO TRABALLO NA AULA

#### 4.8. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

### **5. Materiais, espazos e recursos didácticos**

#### 5.1. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

#### 5.2. FOMENTO DAS TIC

#### 5.3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

### **6. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

#### 6.1. PROCESO DE AVALIACIÓN

#### 6.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

#### 6.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

#### 6.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

#### 6.5. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E DE RECUPERACIÓN

### **7. Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente**

### **8. Seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

#### 8.1. CRITERIOS DE SUPERACIÓN DE PENDENTES

#### 8.2. PROGRAMAS DE REFORZO, RECUPERACIÓN E PENDENTES

### **9. Acreditación de coñecementos necesarios en determinadas materias**

### **10. Avaliación inicial**

### **11. Medidas de atención á diversidade**

### **12. Elementos transversais**

### **13. Actividades complementarias e extraescolares**

### **14. Revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas**

### **15. Glosario**

## 1. Introducción e contextualización

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

### *Introdución á materia de Debuxo Técnico*

Entre as finalidades de Debuxo Técnico figura de xeito específico dotar o alumnado das competencias necesarias para se poder comunicar graficamente con obxectividade nun mundo cada vez máis complexo, que require do deseño e da fabricación de produtos que resolvan as necesidades presentes e futuras. Esta función comunicativa, grazas ao acordo dunha serie de convencións a escala nacional, comunitaria e internacional, permítenos transmitir, interpretar e comprender ideas ou proxectos de maneira fiable, obxectiva e inequívoca.

O debuxo técnico, xa que logo, emprégase como medio de comunicación en calquera proceso de investigación ou proxecto que se valla dos aspectos visuais das ideas e das formas para visualizar o que se estea a deseñar e, de ser o caso, definir dun xeito claro e exacto o que se desexa producir; é dicir, como linguaxe universal nos seus dous niveis de comunicación: comprender ou interpretar a información codificada, e expresarse ou elaborar información comprensible polas persoas destinatarias.

O alumnado, ao adquirir competencias específicas na interpretación de documentación gráfica elaborada de acordo coa norma nos sistemas de representación convencionais, pode coñecer mellor o mundo. Isto require, ademais do coñecemento das principais normas de debuxo, un desenvolvemento avanzado da súa visión espacial, entendida como a capacidade de abstracción para, por exemplo, visualizar ou imaxinar obxectos tridimensionais representados mediante imaxes planas.

Ademais de comprender a complexa información gráfica que nos rodea, cómpre que o estudante aborde a representación de espazos ou obxectos de calquera tipo e elabore documentos técnicos normalizados que plasmen as súas ideas e os seus proxectos, relacionados tanto co deseño gráfico como coa ideación de espazos arquitectónicos ou coa fabricación artesanal ou industrial de pezas e conxuntos.

Durante o primeiro curso trabállase coas competencias relacionadas co debuxo técnico como linguaxe de comunicación e instrumento básico para a comprensión, análise e representación da realidade. Para isto, introdúcese gradualmente e de xeito interrelacionado tres grandes bloques: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización". Trátase de que o/a estudante teña unha visión global dos fundamentos do debuxo técnico que lle permita no seguinte curso afondar algúns aspectos desta materia.

Ao longo do segundo curso introdúcese un bloque novo ("Documentación gráfica de proxectos"), en lugar de "Normalización", para a integración das destrezas adquiridas na etapa.

Xa que logo, os elementos do currículo básico da materia agrupáronse en tres bloques interrelacionados: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización" ou "Documentación gráfica de proxectos".

No primeiro bloque, desenvóléronse durante os dous cursos que compoñen esta etapa os elementos necesarios para resolver problemas de configuración de formas, ao tempo que se analiza a súa presenza na natureza e na arte ao longo da historia, e as súas aplicacións ao mundo científico e técnico.

De maneira análoga, o bloque dedicado aos sistemas de representación desenvolve os fundamentos, as características e as aplicacións das axonometrías, das perspectivas cónicas e dos sistemas diédrico e de planos cotados. Este bloque débese abordar de xeito integrado para permitir descubrir as relacións entre

sistemas e as vantaxes e os inconvenientes de cada un. Ademais, é conveniente potenciar a utilización do debuxo a man alzada como ferramenta de comunicación de ideas e análise de problemas de representación.

O terceiro bloque (sobre a normalización) pretende dotar o/a estudante dos procedementos para simplificar, unificar e obxectivar as representacións gráficas. Este bloque está nomeadamente relacionado co proceso de elaboración de proxectos, obxecto do derradeiro bloque, polo que, aínda que a secuencia establecida sitúa este bloque de maneira específica no primeiro curso, a súa condición de linguaxe universal fai que a súa utilización sexa unha constante ao longo da etapa. O proxecto ten como obxectivo principal que o/a estudante mobilice e interrelacione os elementos adquiridos ao longo de toda a etapa e que os empregue para elaborar e presentar de xeito individual e colectivo os bosqueños, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño gráfico, industrial ou arquitectónico.

## 1.1 XUSTIFICACIÓN

A necesidade de contar cunha ferramenta á disposición do alumnado para a descrición da forma, obxectivamente entendida, é o que lle dá sentido ó debuxo técnico.

O corpus teórico e a práctica desta disciplina están presididas polo criterio de ofrecer unha visión controlada das estruturas formais, os obxectos e os espazos, así como as súas relacións espaciais no mundo real ou mesmo teórico. Así, o debuxo técnico convértese nunha linguaxe universal ó servizo da expresión científica e técnica. Por isto, o carácter científico e a necesidade práctica da expresión que debe amosar o debuxo técnico esixe deste a racionalidade e o entendemento das súas formulacións e solucións. O debuxo técnico, así entendido, é un vehículo que alomenos cumpre os seguintes cometidos, que a miúdo son interdependentes:

- Ofrecer unha imaxe ou imaxes do pensamento racional que diante dun problema formal nos permiten formulalo, analízalo, achar una solución e expresala graficamente.
- Desenvolver e comunicar graficamente todo o proceso que leva á consecución dun obxecto, un espazo, etc. dende a idea xerminar ata a súa realidade física.

Por outra banda, o debuxo técnico como linguaxe que é (e máis concretamente o debuxo técnico normalizado), está estruturado por unha “gramática” propia que lle dá coherencia, racionalidade e comprensibilidade.

A estrutura da que deriva esta linguaxe baséase fundamentalmente na xeométría, nos sistemas de representación prolectivos e nas normas técnicas de debuxo. Non se pode entender a imaxe da realidade representada sen entender previamente o código que produce a devandita imaxe. Mesmo ás veces é precisa a imaxe para entender e obter a realidade seguindo o camiño inverso do código da representación.

Por todas estas razóns, cremos que o debuxo técnico é unha porta aberta á experimentación e recodificación, baixo precisas claves técnicas, do mundo que nos rodea e que, inevitablemente, percibimos principalmente en forma de imaxes e representacións visuais.

## 1.2. CONTEXTUALIZACION

### 1.2.1. PROFESORES QUE IMPARTEN AS MATERIAS DA ÁREA

Neste curso académico o Departamento de Artes Plásticas conta con dous profesores :

- Carmen Ozema Mirabal Montero.
- Miguel Anxo Varela Vázquez, que actúa como Xefe de Departamento.

### 1.2.2. CARACTERÍSTICAS DOS GRUPOS E DO CENTRO TRABAJO

#### *Contexto social e organizativo*

#### *a) Contexto social*

O IES Fernando Esquíó é un centro situado no Concello de Neda, na foz do río Xuvia, na área metropolitana da cidade de Ferrol. As principais actividades económicas que dinamizan a vila son, sobre todo, a actividade agrícola do medio rural, o marisqueo, os empregos no sector servizos e sobre todo a actividade da industria naval asentada no veciño concello de Fene, aínda que coas sucesivas reconversións que tiveron lugar no sector, esta actividade decaíu drásticamente nos últimos anos. Esta situación motivou ademais un notable

estancamento demográfico, pois o cese da incorporación de mano de obra foránea era un dos principais axentes de crecemento da poboación do municipio.

*- Descrición xeral do entorno e situación:*

Semiurbán, pero dentro da área metropolitana de Ferrol.

*- Ensinanzas que oferta o centro:*

Trátase dun centro de ESO e Bacharelato principalmene. Os últimos anos, veñen impartíndose tamén diversos módulos de FP básica con notable acollida.

*- Centros adscritos:*

O centro recibe alumnado de tres fontes principais: o CPI Maciñeira e o CPI San Isidro, no Concello de Neda, e o CPI Ponte de Xuvia, no Concello de Narón. De forma máis minoritaria, recibe tamén alumnado doutras zonas educativas.

*- Descrición xeral do alumnado:*

Clase media ou media-baixa. Aportación significativa de alumnos dunha zona rural próxima (Concello de San Sadurniño), que nos últimos anos experimenta un certo declive. En xeral, a actitude dos alumnos é boa, con baixa conflictividade e niveis de socialización aceptables.

*- Poboación inmigrante:*

Aínda que hai novas incorporacións tódolos anos, non hai un nivel importante de poboación inmigrante.

*- Alumnado con NEAE:*

Non consta que haxas casos salientábeis ao comezo do presente curso.

*- Descrición do nivel xeral de interés pola materia amosado polo alumnado:*

En xeral non moi elevado. Tendencia a percibir a asignatura como algo secundario dentro do currículo, cunha elevada compoñente lúdica. Non obstante, non hai rexeitamento, e o grao de participación nas actividades é satisfactorio. De feito, tanto en ESO como en Bacharelato, as materias ofertadas polo departamento veñen estando bastante solicitadas, aínda que con altibaixos na demanda.

### *b) Contexto organizativo*

O IES imparte ensinanzas de ESO e Bacharelato, nas modalidades de Ciencias e e Humanidades e Ciencias Sociais. O número de alumnos estabilizouse os últimos anos arredor dos 200 alumnos, e ten unha plantilla en torno a 30 profesores, 2 bedeis e 1 administrativo.

*- Formación do profesorado de Educación Plástica, Visual e Audiovisual:*

A maioría dos profesores dos últimos anos foron numerarios e con destino definitivo no centro. Miguel Anxo Varela Vázquez, o único titular da área, é Licenciado en Belas Artes.

*- Infraestructuras e instalacións:*

O centro conta cunha aula de debuxo operativa con pileta e desagüe, un tórculo, un forno cerámico, e un laboratorio de fotografía.

O Departamento conta tamén cun ordenador persoal portátil.

### 1.2.3. PLANIFICACIÓN HORARIA DA MATERIA

Cada profesor ten un cadro horario diferente, como é lóxico. Polo que podemos apreciar ao comparar os horarios dos profesores, decae unha certa tendencia, moi arraigada en anos anteriores, a concentrar as sesións lectivas nas últimas horas da mañá. Pensamos que isto non supón un inconveniente, pois a disposición creativa dos alumnos, en moitos casos, aumenta co seu nivel de actividade diaria.

Con todo, este ano académico, as sesións lectivas impartíranse maioritariamente nos tramos medios do horario.

### 1.2.4. PANORAMA LEXISLATIVO

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).

- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

## **2. Competencias clave: contribución ao seu desenvolvemento**

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato está establecida na Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Unha posible definición de competencia clave podería ser a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar.

A incorporación de competencias clave ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. De aí o seu carácter básico. Son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

### **2.1. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE**

A competencia de Conciencia e expresións culturais adquirese fundamentalmente a través das áreas de educación plástica e visual, debuxo artístico e debuxo técnico estando presente ao longo de todo o currículo, incluíndo as materias de Bacharelato vencelladas ás ensinanzas técnicas e artísticas baseadas no debuxo e as artes visuais.

O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento das linguaxes visuais, tanto técnicas como artísticas, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do patrimonio cultural propio e do alleo. Contribúese tamén a acadar esta competencia cando se experimenta e investiga con distintas técnicas plásticas e visuais, de debuxo artístico e de debuxo técnico para expresarse a través da imaxe. A educación plástica e visual, o debuxo técnico e o debuxo artístico colaboran na adquisición de autonomía e iniciativa persoal dado que todo proceso de creación supón converter unha idea nun produto. Incide estreitamente en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Deste xeito, sitúa o alumnado ante un proceso que o obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todos estes factores, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

Estas materias, educación plástica e visual, debuxo técnico e debuxo artístico, constitúen asimesmo un bo vehículo para o desenvolvemento das competencias Sociais e cívicas. Na medida en que a creación artística e a planificación técnica supoñan un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuírase á adquisición de habilidades sociais.

A reflexión sobre os procesos e experimentación creativa e técnica contribúe a favorecer a competencia de Aprender a aprender que implica a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao contorno audiovisual, multimedia e CAD, expresa o papel que se outorga a esta materia na adquisición da competencia no tratamento da información e, en particular, a que achega o mundo das imaxes e o deseño asistido por ordenador. Ademais, o uso de medios tecnolóxicos específicos non só supón un recurso válido para a produción de creacións visuais, senón que pola súa vez, colabora na adquisición da competencia Dixital.

A educación Plástica, visual e audiovisual, debuxo técnico e debuxo artístico, contribúen á adquisición das competencias básicas en Ciencia e tecnoloxía mediante a utilización de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento e a reflexión e posterior análise. Así mesmo introduce valores de sustentabilidade e reciclaxe en canto as boas prácticas na utilización de materiais para creación de obras.

Estas áreas contribúen asimismo á adquisición da competencia Matemática desenvolvendo a linguaxe simbólica e profundando no coñecemento e aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas.

Por tratarse de áreas que primas a creatividade e o traballo planificado a través de proxectos, individuais e en equipo, tamén potencian a competencia de Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, moi vencellada ao desenvolvemento dunha creatividade constructiva e á planificación ordenada de iniciativas artísticas e técnicas.

A educación plástica e visual, o debuxo técnico e o debuxo artístico, enriquecen a capacidade comunicativa e a competencia en Comunicación lingüística, dado que, como toda forma de comunicación, estrutúranse en torno a un código de elementos comúns que permiten facer uso de recursos lingüísticos e comunicativos para expresar ideas, sentimentos e emocións integrando as linguaxes visuais con outras linguaxes.

## 2.2. AS COMPETENCIAS CLAVE NAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Non todos os aspectos da práctica educativa inciden de igual xeito na adquisición das competencias básicas. Cada momento do proceso presenta as súas peculiaridades, o que fai que ao longo do curso académico, as distintas partes do currículo primen o desenvolvemento de competencias básicas diferentes, aínda que sen perder de vista o obxectivo final de ofrecer unha síntese equilibrada de todas elas.

Cada unidade didáctica da programación inclúe un cadro coa a relación de competencias nas que se traballa en correspondencia cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que lle son propios a cada un dos bloques de contidos en que se divide a asignatura.

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato está establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Para acadar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, procuraremos empregar deseños de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

## 2.3. COMPETENCIAS CLAVE

Para os efectos desta programación, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

## 2.4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato teñen como referencia última os Estándares de Aprendizaxe Avaliábeis previstos para cada curso e materia, que son aquelas premisas claras, concretas e medibles nas que se basa ao proceso de avaliación. Estes son os que completan e definen os distintos perfís

competenciais. Na materia de Debuxo técnico de Bacharelato os estándares cos que traballaremos son os seguintes:

## *2º Bacharelato*

### *Bloque 1 - Xeometría e debuxo técnico*

- DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.
- DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión.
- DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.
- DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos.
- DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
- DT2.B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.
- DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.
- DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia.
- DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.
- DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.
- DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.

### *Bloque 2 - Sistemas de representación*

- DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.
- DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.
- DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.
- DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.
- DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.
- DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.
- DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.
- DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.



- DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.
- DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.
- DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.

### *Bloque 3 - Documentación gráfica de proxectos*

- DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.
- DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.
- DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.
- DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoñendo as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.
- DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.
- DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoñendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.
- DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.
- DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.

### **3. Obxectivos**

No que respecta aos obxectivos, está establecido que o Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Cada unidade didáctica, como veremos, inclúe un esquema descritivo que explica as relacións entre as competencias, os contidos, os criterios de avaliación e os Estándares de Aprendizaxe Avaliables que configuran os distintos perfís competenciais.

#### 4. Procedementos e instrumentos de avaliación, temporalización, nivel de logro dos estándares de aprendizaxe e metodoloxía

Dentro de cada unidade didáctica, ademáis do esquema que explica as relacións entre as competencias, os contidos, os criterios de avaliación e os Estándares de Aprendizaxe Avaliables dos distintos perfís competenciais, figurarán elementos como a temporalización, os grao mínimos de logro a acadar para superar a materia, e os procedementos e instrumentos de avaliación empregados.

Polo que respecta a estes últimos, e aínda que hai variacións dunhas unidades a outras, en termos xerais empregaremos estes elementos:

##### 4.1. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedementos de avaliación			
A	observación directa e/ou indirecta	D	valoración colectiva cualitativa
B	valoración colectiva cuantitativa	E	valoración individual cualitativa
C	valoración individual cuantitativa	F	procedimentos mixtos

##### 4.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos de avaliación			
A	avaliación de probas de contidos	D	proxectos individuais e de grupo
B	rúbricas/escalas de valoración	E	proxectos multimedia
C	debates e postas en común	F	enquisas, bases de datos e/ou outros

##### 4.3. TEMPORALIZACIÓN

A temporalización correspondente a cada estándar vén indicada na súa respectiva unidade didáctica.

## IMPORTANTE:

Tal e como indica A Consellería, procedemos a adaptar a temporalización ás indicacións previstas na Orde do 27 de decembro de 2022 nesta Orde precísase que no primeiro curso de bacharelato, tal e como indica a Orde do 20 de maio do 2022, os centros deberán realizar a sesión de avaliación final ordinaria a partir do día 5 de xuño.

Para a concreción da data, terase en conta que:

- O alumnado ten a obriga de asistir ás clases ata o 21 de xuño inclusive.
- A terceira sesión parcial poderá coincidir coa data elixida para a avaliación final ordinaria. Neste caso, **faremos que as dúas datas coincidan**, a fin de simplificar o procedemento.
- O alumnado ten dereito a solicitar a revisión e a reclamación das cualificacións finais, polo que debe terse en conta que existen uns prazos concretos para resolver as solicitudes por parte do centro e, no seu caso, por parte da xefatura territorial.
- As probas finais da convocatoria extraordinaria deben realizarse entre o 19 e o 21 de xuño de 2023 (artigo 11.2 da Orde de 20 de maio de 2022).
- As direccións dos centros poderán modificar o horario do profesorado a partir da sesión de avaliación final ordinaria para asignarlle tarefas da súa responsabilidade, dando prioridade á realización de actividades de apoio, reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e de preparación das probas extraordinarias.

A sesión de avaliación final extraordinaria deberá realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.

### 4.4. NIVEL DE LOGRO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

O procedemento empregado para definir o nivel de logro correspondente a cada estándar vén indicado na súa respectiva unidade didáctica.

### 4.5. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XERAIS

A nosa metodoloxía basearase nunha serie de liñas xerais trazadas dacordo cos enunciados do seguinte esquema:

1. Partir da competencia inicial do alumnado.
2. Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
3. Potenciar as metodoloxías activas e participativas, tanto combinando traballo individual e cooperativo como potenciando a Aprendizaxe por Proxectos.
4. Aplicar un enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
5. Promover o uso habitual das TIC.
6. Potenciar o papel facilitador do profesor/a.

De xeito concreto, cremos que a actividade docente no marco da Educación Secundaria Obligatoria debe observar estes principios metodolóxicos:

A actividade docente que se desenvolve no marco do Bacharelato debe observar certos principios metodolóxicos establecidos na lexislación vixente:

- Os centros docentes implementarán metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, estas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.
- A metodoloxía que se utilice no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.
- As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

- A consellería con competencias en materia de educación promoverá as medidas necesarias para que as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público se traballen polo profesorado en todas as materias. O alumnado de bacharelato debe adquirir, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.
- Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.
- A acción titorial e a orientación educativa e profesional terán un papel relevante nesta etapa. O/a profesor/a titor/a coordinará a intervención educativa do equipo docente e manterá unha relación permanente cos pais, coas nais ou cos titores e coas titoras legais, co fin de garantir o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Estes principios xerais terán o seu reflexo a través do uso de estratexias específicas encamiñadas a concretar a súa aplicación na aula e nas actividades a desenvolver nesta.

#### 4.6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

A nivel estratéxico, a nosa metodoloxía inspírase tamén nunha serie de liñas xerais:

1. Memorización comprensiva.
2. Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.
3. Elaboración de sínteses.
4. Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos.
5. Comentarios de textos, gráficos, mapas...
6. Resolución de problemas.
7. Estudo de casos (proxectos).
8. Simulacións.

Para que a aprendizaxe sexa significativa, o alumno debe de atopar unha aplicación práctica aos saberes adquiridos. Por este motivo, a actividade na aula terá un carácter preponderantemente práctico, e seguirá as bases dunha metodoloxía activa. Aínda que as actividades de taller irán precedidas duns contidos teóricos introductorios, procurarase reducir estes ó mínimo a fin de que a asignatura teña, na medida do posible, un carácter eminentemente práctico.

#### 4.7. SECUENCIACIÓN DO TRABALLO NA AULA

A liña pedagóxica a seguir en cada Unidade Didáctica á hora de secuenciar o traballo na aula segue unha estrutura que se desenvolve, como norma de aplicación xeral, en catro fases ou momentos:

- a) *Motivación*. Nun primer momento, permitirase ós alumnos un achegamento acrítico ó tema a tratar na unidade didáctica, como un acto de recoñecemento dos propio hábitos perceptivos, e nun intento de detectar qué preconceitos operan na valoración que o alumno fai do tema en cuestión. Para isto deseñaranse actividades de exploración de ideas e coñecementos previos e formularanse cuestións que favorezan o conflito cognitivo, facendo unha presentación axeitada e atractiva da actividade a través de mapas, gráficos, textos, fotos, etc
- b) *Información por parte do profesor/a*. A través duna serie de contidos conceptuais, procurarase que o alumno entenda o tema como algo coherente e articulado en torno a uns principios. Neste punto, é fundamental amosar cómo os elementos básicos da plástica se organizan paracompoñer as estruturas subxacentes a todo feito artístico, de xeito que, ademais de coñecer as técnicas e procedimentos que o fan posible, o alumno chegue a construír interpretacións razonadas deste por

sí mesmo. Con este fin, o profesor/a proporcionará tanto información básica para todo o alumnado, como información complementaria para reforzo e apoio así como para o afondamento e ampliación da materia.

- c) *Traballo persoal*. Neste punto propoñeranse algunhas actividades de expresión plástica nas que, ademais de aplicar as técnicas aprendidas, incidirase na importancia da finalidade comunicativa como un dos aspectos esenciais da creación artística. Con estefin, desenvolveranse actividades de observación e comprensión de imaxes, análise de obras de arte, pequenas investigacións sobre temas e autores, resposta a preguntas, resolución de problemas técnicos, memorización comprensiva de conceptos clave, e elaboración de producións gráficas nas que se apliquen os elementos traballados na Unidade didáctica.
- d) *Avaliación*. Como fase final do proceso, procederase á avaliación do traballo desenvolvido a través de distintos procedimentos e instrumentos ao dispor do profesor, como son a análise de imaxes, as exposicións públicas con explicacións orais, as probas escritas para avaliar a asimilación de conceptos, a valoración de traballos colectivos e a observación do traballo individual do alumno/a.

Por outra banda, o esquema metodolóxico a empregar nunha actividade contempla tres elementos: os principios metodolóxicos, os modelos metodolóxicos e o tipo de agrupamento elixido. Dependendo de cómo apliquemos os ítems de cada un destes elementos, iremos definindo unha metodoloxía que, sen deixar de referirse aos principios metodolóxicos xerais, permitirá abordar cada actividade e situación de aula dun xeito eficaz dacordo coa súa especificidade.

principios metodolóxicos	
motivación	asignación de tarefas
participación	experimentación
interacción	resolución de problemas
significatividade	aprendizaxe con TIC

modelos metodolóxicos	
discurso-exposición	traballo por proxectos
traballo por talleres	traballo por tarefas
aprendizaxe cooperativa	modelo mixto

tipo de agrupamento	
organización individual	organización gran grupo
organización por parellas	grupo interclase
organización pequeno grupo	grupo flexible

Seguindo as directrices plantexadas na metodoloxía xeral de etapa, procurarase dotar á materia de 1º dun carácter propedéutico respecto ós niveis a que se impartirá no segundo ciclo, primando o aspecto expresivo á hora de escoller técnicas e procedimentos para o traballo na aula, que será, por outra parte, case exclusivamente práctico, cun uso imprescindible de instrumentos conceptuais.

#### 4.8. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

En cada Unidade didáctica desenvolveremos actividades que poden variar dunhas a outras en función dos contidos, pero que en xeral, seguirán estes modelos:

- Actividades de avaliación de coñecementos previos. Serven para detectar a percepción que o alumno ten dos contidos que se van tratar.

- Actividades de desenvolvemento de contidos. Serven para amosar estes ao alumno.
- Actividades de asimilación. Favorecen a comprensión dos novos contidos.
- Actividades de consolidación. Serven para afianzar os novos coñecementos, contrastando as novas ideas coas antigas, favorecendo a aprendizaxe.

Temos previsto desenvolver outros tipos de actividades, como as de Reforzo, Ampliación, Síntese, Recuperación, Avaliación ou Actividades Complementarias, segundo requira cada caso e cada situación.

## **5. Materiais, espazos e recursos didácticos**

### **5.1. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Os materiais de uso común na aula, serán os indicados en cada unidade e actividade.

Por norma xeral, empregaremos materiais de debuxo non inventariables (lápicos, regras, rotuladores, etc.) para uso diario. O departamento dispón dunha mínima remesa destes materiais por se fosen necesarios, xa que o alumno normalmente dispón do seu propio equipo. Unha relación de materiais para a asignatura, dacordo co tipo de actividades a desenvolver, podería ser a seguinte:

relación de materiais e recursos didácticos de uso frecuente:

- equipo para debuxo con lápicos de grafito e carbón
- equipo para debuxo xeométrico (lápicos, regras e compases)
- equipo para cor con técnicas secas (lápiz de cor, pastel, crayons, etc.)
- equipo para cor con técnicas húmidas (gouache, acrílico, óleo, etc.)
- equipo para collage (ferramentas e materiais variados)
- equipo para técnicas murais (pintura e esmalte, rodillo, brocha, etc.)
- equipo para técnicas tridimensionais (tesoiras, cartulina, cartón, etc.)
- equipo para modelado (arxila, palillos, soportes, etc)
- equipo para talla (madeira, xeso, poliuretanos, cinceis, lixa, etc.)
- soporte audiovisual (difusión de imaxe e vídeo)
- equipo para fotografía e vídeo
- equipo TIC para traballo gráfico e multimedia

O centro conta ademáis cun tórculo, un forno cerámico e mesa de debuxo e taboleiros de de modelado.

### **5.2. FOMENTO DAS TIC**

Aínda que o Departamento conta cun ordenador persoal, esto non é suficiente para atender a tódolos alumnos de modo satisfactorio cando se trata de traballo con TICs. Por esta razón, empregaremos a aula de informática ocasionalmente, especialmente para traballos relacionados con CAD, vídeo e imaxe dixital, na medida en que os contidos das unidades didácticas o demanden.

### **5.3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS**

O centro conta con Aula de debuxo con pileta e desagüe, que é onde, preferen temente, terán lugar as clases. En determinados casos, empregaremos algunhas áreas comúns como pasillos e outros para facer bocetos canto se requiran espazos alternativos. Na medida do posible, as sesións lectivas da materia terán lugar na Aula de Debuxo, pois é a que conta cunha dotación suficiente para desenvolver certos contidos. Asimesmo, é a que ofrece mellores posibilidades para traballos en grupo, especialmente cando se trate de grandes formatos. Para aqueles contidos que requiran recursos especiais, como os relativos á imaxe fotográfica ou a traballos co ordenador, empregaremos no posible a aula de informática con que conta o centro.

## **6. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

Todo proceso de avaliación que realicemos na etapa do Bacharelato, deberá ter en conta unha serie de aspectos básicos:

- Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do decreto 86/2015, do 25 de xuño.
- A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
- Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.
- O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.
- A consellería con competencias en materia de educación garantizará o dereito dos alumnos e as alumnas a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento se valoren e se recoñezan con obxectividade, para o que establecerá os oportunos procedementos.
- O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se o alumno ou a alumna lograron os obxectivos e alcanzaron o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. O equipo docente, constituído en cada caso polos profesores e as profesoras do/da estudante, coa coordinación do/da titor/a, valorará a súa evolución no conxunto das materias e a súa madurez educativa en relación cos obxectivos do bacharelato e as competencias
- correspondentes.
- Coa finalidade de lles facilitar aos alumnos e ás alumnas a recuperación das materias con avaliación negativa, a consellería con competencias en materia de educación regulará as condicións para que os centros docentes organicen as oportunas probas extraordinarias e os programas individualizados nas condicións que se determinen.

Cada perfil competencial inclúe unha relación de criterios de avaliación que relacionan obxectivos, contidos e Estándares de Aprendizaxe coas diferentes competencias clave. A relación de criterios de avaliación que empregaremos, según os diferentes bloques de contidos de cada curso, son os seguintes:

## *2º Bacharelato*

### *Bloque 1 - Xeometría e debuxo técnico*

- DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.
- DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión.
- DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.
- DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos.
- DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
- DT2.B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.
- DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.
- DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia.
- DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.

- DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.
- DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.

### *Bloque 2 - Sistemas de representación*

- DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.
- DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.
- DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e no sistema de planos cotados.
- DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.
- DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.
- DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.
- DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.
- DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.
- DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.
- DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.
- DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.

### *Bloque 3 - Documentación gráfica de proxectos*

- DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.
- DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.
- DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.
- DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoñendo as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.
- DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.
- DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoñendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.
- DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada,



importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.

- DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.

Dentro de cada unidade didáctica, ademais do esquema que explica as relacións entre as competencias, os contidos, os criterios de avaliación e os Estándares de Aprendizaxe Avaliables dos distintos perfís competenciais, figurarán elementos como a temporalización, os grao mínimos de logro a acadar para superar a materia, e os procedementos e instrumentos de avaliación empregados.

Cada actividade será avaliada según os criterios de avaliación que dispoña a normativa para os Estándares de aprendizaxe que van ser avaliados a través dela. No momento de plantexar a actividade ao alumno, informaráselle de cales son os criterios de avaliación desta, así como os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación empregados para valorala.

Como norma xeral, haberá dous tipos de actividades: as probas de contidos, suxeitas a avaliación de tipo cuantitativo (cualificadas con nota numérica), e os traballos de aula, suxeitas a avaliación cualitativa (cualificadas a través de rúbricas, escalas de valoración e outros).

## 6.1. PROCESO DE AVALIACIÓN

O proceso de avaliación desenvolverase en tres fases ou momentos:

### *1. Avaliación inicial:*

Nesta fase avaliarase o nivel de información con que o alumno conta respecto aos contidos a tratar. Serve tanto para determinar a natureza dos coñecementos aprendidos con anterioridade como para detectar preconceptos ou actitudes a corrixir fronte aos mesmos.

### *2. Avaliación continua, formativa ou procesual:*

Ocúpase de avaliar o proceso de aprendizaxe ao longo do traballo diario.

### *3. Avaliación sumativa:*

É a última fase, e reflicte o resultado acadado ao longo de todo o proceso, contrastando os resultados finais cos de partida.

## 6.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos de avaliación que empregaremos de modo xeral son os seguintes:

### *- A. Observación directa e/ou indirecta do alumno.*

Permite recoller información sobre as súas actitudes na aula, o seu grao de integración e a súa disposición cara os contidos e o proceso de aprendizaxe.

### *- B. Valoración colectiva cualitativa.*

Permite recoller información cualitativa sobre o grao de comprensión e asimilación da materia e o grao de participación nas actividades de grupo.

### *- C. Valoración individual cualitativa.*

Permite recoller información cualitativa sobre o grao de comprensión e asimilación da materia e o grao de implicación nas actividades individuais.

### *- D. Valoración colectiva cuantitativa.*

Permite recoller información sobre resultados específicos que revelen o grao de comprensión e asimilación da materia e o grao de participación nas actividades de grupo, e cuantificalos.

### *- E. Valoración individual cuantitativa.*

Permite recoller información sobre resultados específicos que revelen o grao de comprensión e asimilación da materia e o grao de implicación nas actividades individuais, e cuantificalos.

### *- F. Procedementos mixtos.*

Unha combinación dos anteriores. útil para establecer enfoques globais.

### 6.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación que empregaremos de modo xeral son os seguintes:

- *A. Avaliación de probas de contidos.*

Busca un reflexo obxectivo do nivel de asimilación de contidos polo alumno. Adoita cuantificar o resultado.

- *B. Rúbricas/escalas de valoración.*

Permite recoller información sobre certos Estándares de aprendizaxe en particular e graduar o nivel de logro.

- *C. Debates e postas en común.*

Moi útiles para clarificar o afianzamento tanto de contidos como de competencias a través do diálogo constructivo.

- *D. Proxectos individuais e de grupo.*

Permiten detectar e avaliar eficazmente as capacidades de organización e coordinación de cara ao traballo

- *E. Proxectos multimedia.*

Reflicten as capacidades do alumno para o traballo multitarefa e a adquisición de novas capacidades.

- *F. Enquisas, bases de datos e outros.*

Moi útiles para detectar factores de relación entre os membros dun grupo e as dinámicas deste.

### 6.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación establecen as premisas de necesario cumprimento para que un alumno consiga unha cualificación positiva, feito que acontece cando acadada un grao mínimo de logro na consecución dos estándares de aprendizaxe avaliábeis correspondentes.

Cualificación dos exames ou probas de contidos

O profesor poderá convocar probas en formato exame se estima que este recurso é pedagóxicamente oportuno de cara a acadar unha avaliación máis obxectiva. De xeito particular, poderá someterse a exame a aqueles alumnos que, sen xustificación aparente, deixen de entregar algún dos traballos propostos no trimestre.

- O exame puntúa de 0 a 10 puntos, e as cualificacións serán expresadas en números enteros e de 0 a 10. Admítense fraccións, cunha soa cifra decimal.

O profesor deberá indicar a puntuación de cada pregunta sobre o total antes do comezo da proba.

- Nos exames de tipo práctico, os alumnos poden ter a opción de consultar material didáctico no propio exame como apoio nos primeiros instantes do traballo, co obxectivo de estimular a aprendizaxe práctica economizando esforzo memorístico. Esta medida só se aplicará, como dixemos, nos exames de tipo exclusivamente práctico, sen teoría, e unicamente cando o profesor estime que é axeitado e o autorice de modo expreso.

#### *Actividades de aula*

Os traballos e actividades de aula coinciden co desenvolvemento das unidades didácticas e, salvo indicación en sentido contrario, estarán sometidos a avaliación cualitativa. O seu deseño será acorde cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que configuran cada unidade didáctica. Os obxectivos, criterios de avaliación e criterios de cualificación de cada actividade serán postos en coñecemento do alumnado no momento da súa proposta, así como os instrumentos de avaliación que se van empregar.

### *Traballos suplementarios para subir nota*

Ademais das actividades trimestrais previstas, o alumno pode achegar traballos suplementarios, desenvolvidos baixo a supervisión do profesor.

Estes traballos suplementarios terán unicamente cualificación positiva, expresada de 5 a 10. A presentación dunha certa cantidade destes traballos pode supoñer un incremento máximo de 0,5 puntos na nota trimestral, nunca na final. A nota acadada reflectirá a cantidade e calidade dos traballos presentados, co que para acadar os 0,5 puntos de máximo hai que entregar todos os traballos suplementarios propostos optimamente resolto.

A cantidade de traballos suplementarios a entregar e o criterio a aplicar para acceder a este incrementode nota, será exposto polo profesor ao principio do curso.

### *Datas de entrega de traballos*

A entrega de traballos efectuarase nunha data concreta fixada polo profesor, e este anunciará cada data de entrega con alomenos unha semana de antelación. Dependendo da carga de traballo, haberá unha ou dúas datas de entrega por trimestre.

Chegado o día, o alumno deberá entregar personalmente e en man ao profesor todos os traballos previstos sen faltar ningún. En caso de faltar algún traballo, o alumno disporá dun día de prórroga para completar a entrega, aínda que a cualificación máxima que poderá acadar dito traballo será de 5 puntos. Se pasado ese prazo a entrega non se efectúa, considerarase o traballo como non entregado.

### *Cualificacións trimestral e final*

- A cualificación trimestral do alumno será o media aritmética das cualificacións das probas do trimestre, completada coa aportación, se a houbese, dos traballos suplementarios desenvolvidos nese periodo. Esta media admite fraccións dunha soa cifra decimal. Cando a cualificación inclúa décimas de punto, a nota definitiva será a do valor enteiro da nota, reservándose as décimas sobrantas para sumalas á nota do seguinte trimestre.

Cando as décimas sobrantas son 5 ou máis, será o alumno o que decida se prefire que a nota, en valores enteiros, que figure no boletín sexa a que ten -reservando as décimas para o trimestre seguinte- ou opta porque se lle outorgue, digamos en préstamo, a inmediatamente superior. Neste caso, as décimas que se lle engadan para atinxir este valor superior seránlle descontadas da nota no seguinte trimestre.

Como é lóxico, isto rexe unicamente para as dúas primeiras cualificacións trimestrais. No terceiro trimestre, redondearase a nota con decimais ao valor enteiro da cualificación, excepto no caso de que a fracción decimal sexa de 0,5 ou máis, en que se adxudicará o valor enteiro seguinte.

- A cualificación final do alumno será a media aritmética das tres cualificacións trimestrais. En caso de haber fraccións decimais nesta media, redondearase a nota con decimais ao valor enteiro da cualificación, excepto no caso de que a fracción decimal sexa de 0,5 ou máis, en que se adxudicará o valor enteiro seguinte.

Excepcionalmente, en caso de que a media da cualificación final estea comprendida entre 4,5 e 4,9 - ámbolos dous inclusive-, o alumno deberá realizar un programa de traballo complementario proposto polo profesor para poder acadar unha nota de 5.

Á hora de ponderar a cualificación, os exames puntuarán ata un 60% da nota, e as actividades ata un 40%.

### *Mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva. Casos excepcionais*

1) Para alcanzar avaliación positiva, tanto en cada trimestre como ó final do curso, é preciso ter entregado tódolos traballos propostos cada trimestre polo profesor nos prazos requeridos. Deixar de entregar un traballo enténdese que pode ser motivo de suspenso nun trimestre, e como consecuencia, pode afectar á nota final do curso. Esta medida non se aplicará nos casos de ausencia por enfermidade ou outras causas razonadas e debidamente xustificadas.

2) A nota mínima a acadar en cada trimestre para obter uha avaliación positiva é de 5 puntos.

3) A cualificación final expresarase como a media aritmética das cualificacións trimestrais. Esta media debe ser alomenos de 5.

Excepcionalmente, en caso de que a media da cualificación final estea comprendida entre 4,5 e 4,9 - ámbolos dous inclusive-, o alumno deberá realizar un programa de traballo complementario proposto polo

profesor -que poderá resolver fóra do horario lectivo- para poder acadar unha nota de 5. Este traballo será do mesmo tipo que as actividades desenvolvidas ao longo do curso.

4) Excepcionalmente, e por decisión razonada do profesor, o alumno poderá experimentar un incremento adicional de 0,5 puntos na nota de final de curso, sempre e cando concurren estas condicións:

- O alumno debe contar cunha traxectoria contrastable de traballo e aproveitamento da asignatura ao longo do curso, independentemente da nota acadada, así como ter amosado unha actitude positiva na aula.
- O alumno debe estar disposto a realizar un programa de traballo complementario, proposto polo profesor, que poderá resolver fóra do horario lectivo. Este traballo será do mesmo tipo que as actividades desenvolvidas ao longo do curso.

5) Excepcionalmente, en caso de que a nota final do curso non acade cualificación positiva, o profesor pode convocar, se o considera oportuno, unha proba final de repesca que estará constituída por tres bloques de contidos, cada un deles correspondente a un trimestre. O alumno examínase dos bloques correspondentes aos trimestres que suspendeu, e deberá obter como mínimo unha nota de 5 en cada un deles.

6) Excepcionalmente, se un alumno aproba dous trimestres e suspende un, pode obter unha nota final positiva, sempre e cando se dean estas condicións:

- A cualificación do trimestre suspenso non debe ser inferior a 4 puntos.
- A cualificación media dos tres trimestres, incluíndo o trimestre suspenso, debe ser como mínimo de 6 puntos.

#### *Cualificación na proba extraordinaria*

En caso de que un alumno/a non acade cualificación positiva na convocatoria ordinaria, éste ten dereito a unha proba extraordinaria de estrutura e características idénticas aos das probas ordinarias, e que será cualificada atendendo aos mesmos criterios.

### 7.5.. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E DE RECUPERACIÓN

#### *- Promoción na convocatoria ordinaria:*

Considérase que un alumno aproba a asignatura, e polo tanto promociona, cando a media aritmética das cualificacións dos tres trimestres é igual ou superior a 5.

#### *- Promoción na convocatoria extraordinaria:*

Considérase que un alumno aproba a asignatura, e polo tanto promociona, cando a cualificación obtida nas probas extraordinarias é igual ou superior a 5.

#### *A recuperación nas cualificacións trimestrais*

Cando un alumno non acade nota suficiente para aprobar un trimestre, terá dereito a que se lle ofrezca unha proba de recuperación. Tras celebrarse a proba, a nota do trimestre suspenso serálle reemplazada pola nota da proba de recuperación.

O exame poderá ser reemplazado por un lote de exercicios, se o profesor o estima conveniente.

#### *A recuperación na cualificación final*

En caso de que a nota final do curso non acade cualificación positiva, o profesor pode convocar unha proba final de repesca. Esta constará de tres bloques de contidos, cada un deles correspondente a un trimestre. O alumno examínase dos bloques correspondentes aos trimestres que ten suspensos, e deberá obter como mínimo unha nota de 5 en cada un deles.

Cando un alumno con avaliación positiva queira subir a nota final de curso, igualmente pode presentarse á proba final de repesca para subir unha ou varias notas trimestrais. As cualificacións obtidas reemplazarán ás dos trimestres correspondentes.

#### *A recuperación na proba extraordinaria*

En caso de que un alumno/a non acade cualificación positiva na convocatoria ordinaria, éste ten dereito a unha proba extraordinaria de estrutura e características idénticas aos das probas ordinarias, e que será cualificada atendendo aos mesmos criterios. De non obter avaliación positiva nesta convocatoria, a materia contará como suspensa a efectos de promoción no contexto das notas do curso.

## IMPORTANTE

Tal e como indica A Consellería, procedemos a adaptar a temporalización ás indicacións previstas na Orde do 27 de decembro de 2022 nesta Orde precisase que no primeiro curso de bacharelato, tal e como indica a Orde do 20 de maio do 2022, os centros deberán realizar a sesión de avaliación final ordinaria a partir do día 5 de xuño.

Para a concreción da data, terase en conta que:

- O alumnado ten a obriga de asistir ás clases ata o 21 de xuño inclusive.
- A terceira sesión parcial poderá coincidir coa data elixida para a avaliación final ordinaria. Neste caso, **faremos que as dúas datas coincidan**, a fin de simplificar o procedemento.
- O alumnado ten dereito a solicitar a revisión e a reclamación das cualificacións finais, polo que debe terse en conta que existen uns prazos concretos para resolver as solicitudes por parte do centro e, no seu caso, por parte da xefatura territorial.
- As probas finais da convocatoria extraordinaria deben realizarse entre o 19 e o 21 de xuño de 2023 (artigo 11.2 da Orde de 20 de maio de 2022).
- As direccións dos centros poderán modificar o horario do profesorado a partir da sesión de avaliación final ordinaria para asignarlle tarefas da súa responsabilidade, dando prioridade á realización de actividades de apoio, reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e de preparación das probas extraordinarias.

## 7. Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente

Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, empregaranse preferentemente procedimentos cualitativos, expresados a través de rúbricas ou escalas de valoración nos que figurarán os items e indicadores de logro que se consideren necesarios para unha correcta avaliación destes procesos. O Departamento recollerá regularmente nas Actas das súas reunións información sobre estes extremos. Procurarase asimesmo que o grao de coordinación cos órganos responsables da planificación e desenvolvemento da actividade docente sexa a axeitada.

Tamén se contempla, se o Departamento o estima oportuno, a obtención directa de información, mediante cuestionarios distribuídos aos alumnos, sobre a calidade da práctica docente recibida.

*Modelo de rúbrica para a avaliación do proceso de ensino*

elementos a considerar e indicadores de percepción en relación ao proceso de ensino durante o curso	INDICADORES DE LOGRO			
	NON ACADADO	ACADADO		
	BAIXO	SUFICIENTE	MEDIO/ALTO	EXCELENTE
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				

4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

*Modelo de rúbrica para a avaliación da e a práctica docente*

elementos a considerar e indicadores de percepción en relación a práctica docente desenvolvida no curso	INDICADORES DE LOGRO			
	NON ACADADO	ACADADO		
	BAIXO	SUFICIENTE	MEDIO/ALTO	EXCELENTE
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Análizanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

**8. Seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Os alumnos pendentes teñen dereito a unha proba específica proposta polo Departamento, e que se celebrará dacordo cun calendario proposto pola dirección. Poden igualmente acadar avaliación positiva por avaliación continua, seguindo un programa de actividades.

## 8.1. CRITERIOS DE SUPERACIÓN DE PENDENTES

Os alumnos con materias pendentes poden superalas por dúas vías:

### *Superación por avaliación continua*

A actividade principal para obter información de cara á avaliación dos alumnos con materias pendentes, serán as probas de recuperación de pendentes, que terán lugar dacordo co calendario xeral do centro. Haberá unha por trimestre, serán deseñadas a partir dos contidos mínimos da materia, deberán ter o mesmo formato que ás probas trimestrais, estarán rexidas polos mesmos criterios de avaliación e cualificación.

Se o profesor o considera conveniente, e coa aprobación do Departamento, a proba de recuperación pode ser reemplazada por unha batería de exercicios que reflictan de modo efectivo un coñecemento dos contidos mínimos da asignatura por parte do alumno. Estes exercicios terán un formato similar ao dos traballos suplementarios de aula, e deberán ser entregados todos eles en forma e prazo, dacordo coas directrices que marque o profesor. A efectos de cualificación, cada lote de exercicios será puntuado de 0 a 10.

### *Superación por proba extraordinaria*

Os alumnos terán dereito, en caso de non obter media de 5 por vía de avaliación continua, a un exame final, que versará sobre tódolos contidos mínimos da materia. O exame puntuará de 0 a 10, sen decimais. Nesta proba será preciso acadar alomenos un 5 para obter avaliación positiva.

En todo caso, as medidas e actividades de recuperación, reforzo ou de ampliación de contidos para alumnos con materias pendentes serán propostas e supervisadas polo profesor, que será quen determine xustificadamente en qué casos e baixo qué criterios deberán aplicarse.

### *Niveis mínimos de logro esixibles para materias pendentes*

Os contidos niveis mínimos de logro que rexerán sobre as probas de avaliación de pendentes, son os mesmos que os da asignatura impartida de forma ordinaria, e que aparecen indicados no apartado correspondente.

## 8.2. PROGRAMAS DE REFORZO, RECUPERACIÓN E PENDENTES

O Departamento poderá programar actividades para aqueles alumnos con asignaturas pendentes, así como os que presenten déficit de aprendizaxe ou queiran someterse a un plan de reforzo deseñado polo profesor, dacordo cos membros do departamento. Estes programas abrangerán o curso completo, e desenvolveranse fóra do horario lectivo.

### *Programas de reforzo da aprendizaxe*

Todo plan de reforzo, que eventualmente se aplicará aos alumnos que o precisen, consistirá nun abano de actividades nas que o profesor traballará, durante o curso, os contidos máis problemáticos, ou nos que parezan xurdir máis complicacións, respecto á materia tratada cada semana na aula. Asimesmo, o alumno disporá, dacordo co profesor, dunha hora semanal para facer consultas.

As actividades de reforzo serán supervisadas e valoradas polo profesor dacordo cos criterios de cualificación habituais. Cando estes planos de reforzo impliquen, a criterio do profesor, unha proba de recuperación, os criterios que aplicaremos na súa cualificación serán os mesmos que rexen para as probas ordinarias.

### *Programas específicos para alumnos con materias pendentes*

Os alumnos con materia pendente poden solicitar participar nun plan de reforzo se eles o demandan ou o profesor o recomenda. O procedemento, en todo caso, será o que expoñemos máis arriba, coa diferenza de que os contidos a tratar serán os correspondentes á materia pendente.

## **9. Acreditación de coñecementos necesarios en determinadas materias**

No caso de que algún alumno de 2º curso de Bacharelato precise acreditar coñecementos previos e necesarios para cursar algunha materia, as probas necesarias para levar a cabo esta acreditación serán deseñadas conforme aos criterios e estándares vixentes, e dacordo co que determine o Departamento de Orientación e os órganos de dirección do centro. En liñas xerais, a proba será do mesmo tipo que as probas ordinarias, rexerán para ela os mesmos criterios de cualificación, e unha vez superada, o alumno poderá matricularse polo procedemento ordinario.

## **10. Avaliación inicial**

En caso de levar a cabo un proceso ou proba de avaliación inicial, esta diseñaranse conforme aos prazos, obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe vixentes, baixo a supervisión da Dirección e en colaboración permanente co Departamento de Orientación, que conxuntamente co Departamento decidirán o contido e características da proba. Dependendo dos resultados, tomaranse as medidas oportunas, tanto individuais como colectivas, para garantir que todos os alumnos alcanzan uns niveis de logro mínimo aceptables na consecución dos estándares de aprendizaxe previstos para a materia e o nivel correspondentes. En caso de superar a proba, a familia do alumno/a será informada polos canais habituais, e o alumno/a poderá tramitar a súa matrícula ordinaria.

## **11. Medidas de atención á diversidade**

A mesma definición do proxecto educativo e das súas concrecións curriculares constitúe unha medida de atención á diversidade. Por outro lado, o seu desenvolvemento nas programacións de aula e nas súas unidades didácticas xerará un conxunto de propostas que favorezan a adaptación aos intereses, ás capacidades e ás motivacións dos alumnos respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias básicas e dos obxectivos de cada curso e da etapa.

Polo que respecta á asignatura de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, en caso de presentarse alumnos con algunha necesidade educativa derivada de de discapacidade sensorial, cremos que o emprego de ferramentas informáticas ofrece, pola súa versatilidade, solucións válidas para a maioría dos casos. Para outro tipo de necesidades, como pode ser o caso de alumnos estranxeiros ou alumnos sobredotados intelectualmente, por exemplo, cremos que as medidas a adoptar deben adaptarse ás que, de modo xeral, decidan os órganos competentes do centro, e que poden ser moi diversas segundo as circunstancias.

En calquera caso, a toma de decisións de cara á adopción de medidas de atención á diversidade farase sempre dacordo co Departamento de Orientación, e dacordo cos criterios que, en cada caso, se establezcan para cada necesidade concreta.

En liñas xerais, as medidas ordinarias ou extraordinarias a adoptar poderán ser de diversos tipos

### *1. Medidas ordinarias*

#### *Organizativas*

- Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula (emprego de materiais e recursos didácticos diferenciados, espazos e tempos diferenciados, horarios específicos, etc.).
- Desdoblamento de grupos.
- Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.

#### *Curriculares*

- Adaptacións metodolóxicas para algún alumno/grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.
- Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.
- Implementación de programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.
- Creación de programas específicos para alumnado repetidor da materia.
- Aplicación personalizada deses programas específico para repetidores da materia.



## 2. Medidas extraordinarias

### Organizativas

- Atención ao alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT/AL.
- De ser o caso, creación de grupos de adquisición de linguas (para alumnado estranxeiro).
- De ser o caso, creación de grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).
- Outras medidas organizativas como escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.

### Curriculares

- Elaboración de adaptacións curriculares na materia.
- De ser o caso, creación de agrupamentos flexibles ou específicos autorizados na materia.
- Diseñar medidas de flexibilización na escolarización se é necesario.
- Desenvolvemento do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, e outras medidas (coordinación cos PT/AL , con outro profesorado de apoio, co profesorado do agrupamento, etc.).

## 12. Elementos transversais

Na etapa do Bacharelato traballarase, de modo xeral, tendo en conta estes elementos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto
- ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Nesta programación tentamos introducir todos os elementos transversais antes referidos no traballo de aula e o deseño de actividades e tarefas, procurando orientar estas cara ao desenvolvemento dalgunhas actitudes concretas:

- Fomentar a tolerancia intelectual para aceptar e estar abertos a obras, opinións, interpretacións e puntos de vista diferentes dos propios.

- Propugnar unha actitude de rexeitamento ante mensaxes que denotan unha discriminación sexual, racial, social etc.
- Difundir a análise de materiais impresos e audiovisuais como unha forma de comprender, integrar e relacionar os recursos verbais e plástico-visuais que empregan.
- Fomentar o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para mellorar a cultura plástico-visual e para expresar, de forma persoal e creativa, vivencias e emocións.
- Aprender a disfrutar do tempo de lecer dun xeito persoal e enriquecedor.
- Convidar á utilización creativa de recursos materiais variados do entorno, tanto convencionais como non convencionais.

### 13. Actividades complementarias e extraescolares

Aínda que en moitos casos este tipo de actividades son difíciles de programar con antelación pois dependen tanto do calendario do propio centro como do das entidades que organizan este tipo de eventos, facemos aquí unha pequena relación das que, como nestes últimos anos vimos realizando de modo regular:

- visitas a exposicións temporais de arte
- colaboración en actos e festivais do centro
- visitas a museos
- colaboración coa EDLG
- talleres creativos fóra de horario lectivo
- colaboracións con outros centros

Queremos indicar tamén que o Departamento participa regularmente na confección gráfica da Revista do Centro, unha actividade complementaria na que ven colaborando os últimos anos. Asimesmo, colabora co centro organizando e desenvolvendo tanto un taller de rock, onde se gravaron varios vídeos musicais, como un taller de radio e podcast.

En todo caso, o listado completo de actividades extraescolares será remitida á vicedirección para a súa oportuna inclusión na PXA.

### 14. Revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas

A Xefatura de Departamento fomentará a realización de procesos de autoavaliación ao final de cada curso que permita coñecer e valorar a percepción que os seus membros teñen das programacións didácticas de cara á súa revisión, avaliación, e modificación se é o caso, a fin de promover á súa mellora e posta en valor.

Un dos principais criterios de avaliación á hora de abordar o cumprimento da programación será o grao de desenvolvemento da mesma, tendo en conta tanto a presentación e asimilación de contidos, como o respecto á temporalización prevista. O Departamento reflectirá regularmente nas Actas das súas reunións información todos sobre estes puntos. Procurarase asimesmo que o grao de coordinación cos órganos responsables da planificación e desenvolvemento da actividade docente sexa a axeitada.

Tamén se contempla, se o Departamento o estima oportuno, a obtención directa de información, mediante cuestionarios distribuídos aos alumnos, sobre a calidade da práctica docente recibida.

#### *Modelo de rúbrica para a avaliación das programacións didácticas*

elementos a considerar e indicadores de percepción en relación á avaliación da programación didáctica	INDICADORES DE LOGRO			
	NON ACADADO	ACADADO		
	BAIXO	SUFICIENTE	MEDIO/ALTO	EXCELENTE
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				

4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

## 15. Glosario

<i>Desenvolvemento curricular</i>	2ª nivel de planificación curricular. Inclúese no PE.
<i>Programacións didácticas</i>	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos.
<i>Programación de aula</i>	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
<i>Programación didáctica</i>	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1. Que, cando e como ensinar / 2. Que, cando e como avaliar / 3. Como atender á diversidade.
<i>Criterios de avaliación</i>	Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015).
<i>Estándares de aprendizaxe</i>	Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado.
<i>Indicadores de logro</i>	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.
<i>Grao de consecución dun estándar</i>	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superar a materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar.
<i>Criterios de cualificación e instrumentos</i>	Serven para ponderar “o valor” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avaliálo achega a ese valor.
<i>Procedementos e instrumentos</i>	Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente (art. 7.6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015).
<i>Rúbrica</i>	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia.
<i>Portfolio</i>	Achega de producións dun alumno/a.
<i>Graduación dos estándares</i>	Para identificar o progreso dos estándares ao longo dunha etapa.
<i>Perfil de área</i>	Conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis que ten unha área ou materia. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliábeis póñense en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia (art. 5.6 Orde ECD 65/2015). Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo.
<i>Perfil competencial</i>	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (art. 5.7 Orde ECD 65/2015).
<i>Avaliación das competencias</i>	A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (art. 7.3 da Orde

	ECD 65/2015).
<i>Nivel de desempeño das competencias</i>	Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación [...] que teñan en conta á atención á diversidade (art. 7.4 da Orde ECD/65/2015).
<i>Tarefa</i>	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
<i>Identificación de contidos e criterios</i>	Exemplo: B1.1: B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque.
<i>Identificación de estándares</i>	Exemplo: EPVB1.1.2 EPV: Abreviatura da área: Educación Plástica e Visual B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar. 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar.

Sen máis que engadir, e dacordo no exposto,

Os membros do Departamento,



Neda, 19 de setembro de 2022